



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2023/E001/000009
2024/G003/000650

DECRETO DO CONCELLEIRO- DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA, PLANIFICACIÓN URBANA, SERVIZOS Á VECIÑANZA E RECURSOS HUMANOS

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Mediante o Decreto núm. 240/2024, do 5 de febreiro (expediente 2024/G003/000262 desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a selección, coa condición de persoal funcionario interino, dun/ha coordinador/a do *Programa Integrado de Emprego de As Pontes, A Capela e As Somozas 2023/24*.

2. A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 30 , do 09/02/2024.

3. O prazo de presentación de solicitudes para concorrer ao proceso selectivo concluíu o 26/02/2024.

4. En data 23/02/2024 tivo entrada no Rexistro Municipal un escrito do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia no que interpón recurso de reposición fronte ás bases reguladoras do proceso selectivo.

5. Mediante o Decreto 439/2024, do 28 de febreiro (expediente 2024/G003/000468) foi estimado o recurso de reposición interposto e, en consecuencia, modificouse a base Segunda das reitoras da convocatoria no particular extremo relativo ás titulacións esixidas, incluíndo expresamente entre as titulacións de acceso ao proceso selectivo os seguintes títulos: Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social.

Na indicada resolución edilicia acordouse conceder un novo prazo de presentación de solicitudes, pero limitado exclusivamente aos e ás profesionais do Traballo Social.

6. O anuncio de apertura do novo prazo a que se refire o precedente apartado foi publicado no BOP núm. 46, do 05/03/2024. Este novo prazo concluíu o 19/03/2024.

7. A lista provisional de persoas aspirantes admitidas e das excluídas foi aprobada a través do Decreto núm. 592/2024, do 20 de marzo (expediente 2024/G003/000613).

O prazo de reclamacións contra a lista provisional rematou o o 27/03/2024. Durante o mesmo non se presentou ningunha reclamación.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 5 das que rexen no procedemento, no que aquí interesa, sinala:

5. Admisión de aspirantes



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizo á Veciñanza e Recursos Humanos ditará unha resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), e na páxina *web* municipal declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de **cinco (5) días hábiles** seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o concelleiro-delegado de Área declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina *web* municipal. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do exercicio da fase de oposición. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

De non existir ningunha persoa excluída non se concederá o prazo de reclamacións a que se refire o primeiro parágrafo da presente base, procedéndose directamente a ditar a resolución aprobatoria da lista definitiva e demais extremos indicados na alínea anterior.

A publicación desta resolución no taboleiro electrónico e na páxina *web* iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP, no taboleiro electrónico e na páxina *web* municipal, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e da páxina *web* municipal.

E a base núm. 6 trata dos aspectos relativos á designación do tribunal e ao seu funcionamento.

Correspóndelle ao concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 1529/2023, do 5 de xullo (BOP núm. 133, do 13/07/2023).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación **definitiva** de persoas aspirantes admitidas e das excluídas no proceso selectivo para a selección dun/ha coordinador/a do Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes de García Rodríguez, nos seguintes termos:

a) Persoas aspirantes definitivamente admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	BLANCO TERNANDE, BELÉN	***1145**	SI	



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

2	BOUZA NASEIRO, M ^a PILAR	***9690**	SI	
3	CÁLIZ MELERO, JESSICA	***2679**	SI	
4	CAZORLA PENA, MÓNICA MARÍA	***6933**	SI	
5	GARCÍA GRUEIRO, SUSANA	***5036**	SI	
6	LEIRA LANDEIRA, GRIAL	***7008**	SI	
7	LÓPEZ COUCEIRO, ALICIA	***3832**	SI	
8	LÓPEZ NÚÑEZ, ELENA	***6009**	SI	
9	MEIZOSO MAZÁS, SANDRA	***1752**	SI	

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas**:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	OLIVER PICOS, ANA	***0930**	NON	1,2	

CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- (1) Non presenta o DNI
- (2) Non presenta titulación

2. As persoas aspirantes que achegaron o Celga 4 ou equivalente, ou superior, segundo se reflicte na anterior relación, están exentas de realizar a proba de lingua galega a que se refire a base específica núm. 8 das reitoras da convocatoria.

3. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

4. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira e laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

- **Presidencia:**

- . Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario do subgrupo A2
- . Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, funcionario do subgrupo A1

- **Secretaría:**



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

- . Titular: Susana Bellas Bermúdez, funcionaria do subgrupo A2
- . Suplente: Ana María Barba Pazos, funcionaria do subgrupo A2

- Vogalías:

1ª):

- . Titular: José Alvariño López, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1
- . Suplente: Carlos A. Domínguez Adegá, funcionario do subgrupo A1

2ª):

- . Titular: Gema García Carballeira, persoal laboral asimilado ao subgrupo A2
- . Suplente: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria do subgrupo A2

3ª):

- . Titular: M. Montserrat González Rivera, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1
- . Suplente: María del Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1

5. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición, nos seguintes termos:

a) Día: **martes, 9 de abril de 2024**

b) Lugar: Auditorio municipal Casa Dopeso, sito na rúa Rosalía de Castro, núm. 28 (As Pontes de García Rodríguez)

c) Constitución do tribunal: **9:00 horas.**

d) Realización do primeiro exercicio: **09:30 horas.**

e) **Convocar** as persoas integrantes do tribunal para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

f) **Convocar** as persoas aspirantes para efectuar o exercicio da fase de oposición no lugar, día e hora indicados.

g) As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI ou pasaporte) e acudir provistas de bolígrafo azul tipo *bic punta normal*.

6. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida polas persoas interesadas mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román